



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: Convocatoria Subvención CONCURSO DE POESÍA 2024

EXPEDIENTE: 2024/A002/000002

EXPEDIENTE DECRETO: 2024/G003/000184

Vista a proposta asinada dixitalmente que consta no rexpediente:

ASUNTO: PROPOSTA PARA A PUBLICACIÓN DO RESULTADO DA 27ª EDICIÓN DO PREMIO DE POESÍA
CONCELLO DE CARRAL

EXPEDIENTE: 2024/A002/000002

Carlos Lorenzo Pérez, técnico municipal de Cultura do Concello de Carral


EXPÓN:

1. Que o xurado designado polo Sr. Alcalde para a elección da obra gañadora do 27º Premio de Poesía Concello de Carral reuniuse na Casa da Cultura o 4 de maio de 2024 ás 10:30 h.
2. Que o xurado estivo formado polo presidente; o alcalde D. Francisco Javier Gestal Pose, Dna. Inma Otero Varela, Dna. Tamara Andrés Padín, D. Ciro Fernández Briones, e actuando como secretario, con voz e sen voto, o técnico de Cultura D. Carlos Lorenzo Pérez.
3. Que o xurado, tal e como se extrae da acta que asinou, acordou elixir por unanimidade como obra gañadora a presentada co título ***A pel do exilio*** e co lema Nina Rota. Aberta a plica compróbanse que a autora gañadora é Silvia Penas Estévez con [REDACTED]

POLO QUE SE PROPÓN

Que o Sr. Alcalde resolva publicar o resultado da deliberación do xurado indicando a obra gañadora do premio e a súa autora.

E para que así conste a todos os efectos, asínase o presente informe na data que figura na sinatura electrónica.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Visto acordo da Acta do xurado do 4/5/2024:

Acórdase:

1º.- Eliminar da deliberación as seguintes obras por non atender ao requisito do número mínimo de versos (punto 4 das bases do certame):

- Córdame a gorxa
- Fase rem
- Incandescencia
- Desacougos
- Narra / Aliaxe
- Misto
- A nena chuvía
- Galicia terra de soños
- O maldicir

2º.- Eliminar da deliberación a obra titulada *A balada do exilio* que foi retirada polo seu autor mediante comunicación a través de correo electrónico enviado o 21 de abril de 2024.

3º.- Elixir por unanimidade como obra gañadora a presentada co título *A pel do exilio* e co lema Nina Rota. Aberta a plica compróbanse que os datos da autora gañadora son:

Autora: Silvia Penas Estévez

[Redacted contact information]

O xurado destaca do libro gañador a forza da voz poética, que manifesta a súa furia a través do ritmo e da limpeza das imaxes. A vocación de mediar co mundo traspasa o texto na procura da reflexión metapoética e identitaria.

4º.- Comunicarllo persoalmente á premiada e aos medios de comunicación.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Vistas as bases do concurso de poesía que sinalan :

O título do traballo gañador e o nome e apelidos do seu autor ou autora daranse a coñecer mediante unha comunicación persoal (chamada telefónica) ao premiado ou premiada, na web municipal www.carral.es, así como no taboleiro de anuncios da Casa da Cultura do Concello de Carral (rúa de Paleo 17, Carral).

Establécese un período de dez (10) días desde a decisión do xurado para presentar alegacións á citada decisión. As reclamacións, que se tramitarán na sede electrónica do Concello de Carral, serán valoradas e contestadas polo xurado.

11.- Con carácter previo ao pagamento do premio, comprobarase de oficio que a persoa premiada está ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, co Concello de Carral e coa Seguridade Social. De incumprirse esta condición non se poderá recibir o premio

12.- O Concello de Carral reservarase o dereito de publicar a obra gañadora e os dereitos de explotación da primeira edición. A editorial Espiral Maior será a responsable da primeira edición e distribución comercial do libro gañador.

13.- As obras e os datos achegados destruíranse unha vez finalizado o prazo de alegacións.

Polo presente en uso das facultades outorgadas legalmente advocando as competencias delegadas na Xunta de goberno en materia de aprobación de bases subvencións e axudas e resolución da súa concesión

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Facer público este decreto no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal así como na web municipal sinalando que tal e como se extrae da acta do xurado éste acordou elixir por unanimidade como obra gañadora a presentada co título ***A pel do exilio*** e co lema Nina Rota. Aberta a plica compróbanse que a autora gañadora é Silvia Penas Estévez con DNI****625***.

SEGUNDO.- Aperturar u período de dez días hábiles a contar dende o seguinte o 4 maio para presentar alegacións á citada decisión. De presentarse por sede electrónica municipal serán valoradas e contestadas polo xurado de certificarse a non presentación de alegacións será firme a elección da obra gañadora acordada polo xurado baixo os condicionantes marcados nas bases do concurso que constan no nexpediente .



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

TERCEIRO.- Dar conta deste acordo ó Pleno municipal así como na Xunta de goberno local aos efectos oportunos

Concello de Carral, na data de sinatura electrónica que figura á marxe

O Alcalde

Asdo.- FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE

Dou fe, a Secretaria

Asdo.- REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ